

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005233	Agra do Orzán	Coruña (A)	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CSAFD01	Ensinanza e animación sociodeportiva	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1137	Planificación da animación sociodeportiva	2024/2025	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	GONZALO SOUTO CAÑAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral deste módulo, é dicir, o conxunto de coñecementos e capacidades que van a permitir o exercicio da actividade ó profesional, consiste en elaborar, xestionar, promocionar e avaliar proxectos de animación sociodeportiva para todo tipo de usuarios, a través da programación e dirección de actividades de ensinanza, a coordinación das actuacións dos profesionais implicados, garantindo ó mesmo tempo a seguridade, respectando o medio ambiente e conseguindo a satisfacción dos usuarios, nos límites do presuposto previsto. Concretamente, este módulo formativo relacionase coa unidade de competencia UC1658_3: Elaborar, xestionar, promocionar e avaliar proxectos de animación físico-deportivos e recreativos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Análise da realidade en animación sociodeportiva	Analízase a evolución do concepto de animación e da animación sociodeportiva. Profundízase na primeira fase do modelo metodolóxico dun proxecto de animación: a análise da realidade. Estúdanse os métodos, técnicas e instrumentos que permiten coñecer o contexto onde se desenrolamos o noso proxecto e que nos axudará a que a súa posterior programación e execución sexa exitosa.	12	20
2	Programación e deseño de proxectos de animación sociodeportiva	Desenrolase a segunda fase do modelo metodolóxico: programación e deseño de proxectos de animación sociodeportiva. Delimitáanse e defínense os obxetivos, organízanse seguindo unha serie de criterios como son o grupo ó que vai dirixido, as actividades que se van a desenrolar e os recursos necesarios.	15	20
3	Xestión de proxectos de animación sociodeportiva	Nesta unidade didáctica trátanse os recursos: humanos, materiais e de espazo/instalacións. Dos recursos humanos trátanse as cualificacións e as funcións e responsabilidades. Estúdanse os recursos materiais e os espazos dispoñibles co obxectivo de seleccionar os máis axeitados para as actividades que desenrolaremos e para o colectivo ó que nos dirixeremos.	12	20
4	Estratexias de promoción e difusión en proxectos de animación sociodeportiva	De nada serve planificar un bo proxecto se os demais non son conscientes delo. Necesitamos contar con bo apoio propagandístico. Da efectividade da publicidade, así como da difusión que se lle dé, dependerá en gran parte que o noso proxecto chegue ó colectivo que desexamos.	12	20
5	Evaluación de proxectos de animación sociodeportiva	A avaliación axudaranos a comprobar a eficacia do traballo e tamén a analizar o efecto que provoca o noso proxecto na sociedade. A avaliación non será unicamente ó finalizar, senon durante toda a súa planificación.	12	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Análise da realidade en animación sociodeportiva	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica métodos, técnicas e instrumentos de análise da realidade, identificando as variables do contexto relevantes para a animación sociodeportiva	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Indicáronse os aspectos do contexto que interesa analizar para formular o proxecto de animación sociodeportiva
CA1.2 Concretáronse as técnicas de obtención de información acerca dos proxectos de animación realizados no contexto de intervención
CA1.3 Seleccionáronse técnicas e instrumentos proporcionados para cada aspecto e cada momento da análise da realidade
CA1.4 Extraéronse as conclusións que sirvan de base para o proxecto, a partir do tratamento dos datos
CA1.5 Xustificouse a análise da realidade no éxito da intervención sociodeportiva
CA1.6 Identificáronse as actividades recreativas e os eventos físico-deportivos máis demandados e utilizados en proxectos de animación sociodeportiva
CA1.7 Valoráronse e aplicáronse os aspectos éticos na recollida e no tratamento da información
CA1.8 Empregáronse as tecnoloxías da comunicación na elaboración de instrumentos para a obtención de información

4.1.e) Contidos

Contidos
Animación sociodeportiva: historia e evolución. O movemento olímpico como fenómeno de participación social.
Actividades recreativas e eventos físico-deportivos máis demandados e utilizados en proxectos de animación sociodeportiva.
Estudo das principais fontes de información para a análise da realidade.
Métodos, técnicas e instrumentos de recollida de información e tratamento de datos: observación, entrevista, cuestionario, enquisa e compilación documental.
Sistemas de rexistro de información.

Contidos
Fiabilidade e validez dos métodos de obtención e rexistro da información.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Programación e deseño de proxectos de animación sociodeportiva	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Deseña proxectos de animación sociodeportiva, tendo en conta as características do contexto e as necesidades detectadas na análise da realidade	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Xustificouse a oportunidade do proxecto de animación sociodeportiva no contexto estudado
CA2.2 Xustificouse o modelo seleccionado para o deseño de proxectos de animación e a súa aplicación ao ámbito das actividades físico-deportivas e recreativas
CA2.3 Formuláronse obxectivos axustados aos graos de concreción do proxecto e aos datos obtidos na análise da realidade
CA2.4 Propuxéronse estratexias metodolóxicas en función dos obxectivos e do contexto
CA2.5 Seleccionáronse e recolléronse de xeito estruturado, as actividades e os eventos físico-deportivos máis demandados e utilizados en proxectos de animación sociodeportiva
CA2.6 Secuenciáronse as actividades para desenvolver o proxecto
CA2.7 Utilizáronse ferramentas de representación gráfica para a organización e o deseño de proxectos de animación sociodeportiva
CA2.8 Definíronse as medidas de prevención e seguridade nos proxectos de animación sociodeportiva

Criterios de avaliación

CA2.9 Aplicáronse os criterios e os aspectos necesarios para a elaboración do proxecto de animación sociodeportiva

4.2.e) Contidos
Contidos

Modelo teórico nos proxectos de animación sociodeportiva.

Criterios para a elaboración de proxectos de animación sociodeportiva.

Ferramentas de representación gráfica para a organización e o deseño de proxectos de animación sociodeportiva: diagramas de funcionamento, gráficas e cronogramas.

Estrutura do proxecto de animación en ámbitos ou sectores específicos.

Definición das medidas de prevención e seguridade nos proxectos de animación sociodeportiva.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestión de proxectos de animación sociodeportiva	12

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Organiza e xestiona proxectos de animación sociodeportiva, planificando o uso de instalacións e coordinando os recursos materiais e humanos	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA3.1 Determináronse os recursos necesarios para a organización e a xestión de proxectos de animación sociodeportiva

Criterios de avaliación
CA3.2 Estableceuse o organigrama de recursos humanos e funcións implicadas no desenvolvemento do proxecto
CA3.3 Adxudicáronse os perfís profesionais do persoal técnico que intervéñen no desenvolvemento de proxectos de animación sociodeportiva, en función do tipo de actividade programada
CA3.4 Determináronse as fórmulas de xestión para a dispoñibilidade dos espazos e/ou instalacións e dos recursos materiais
CA3.5 Estableceuse a coordinación con outros servizos implicados no proxecto
CA3.6 Calculáronse os ingresos e os gastos, e confeccionouse o balance final

4.3.e) Contidos

Contidos
Recursos humanos en proxectos de animación sociodeportiva. Organigramas. Perfil do persoal técnico.
Espazos e instalacións en proxectos de animación sociodeportiva. Espazos habituais de recreación, espazos alternativos, instalacións e equipamentos específicos da recreación.
Recursos materiais en actividades recreativas e eventos físico-deportivos: materiais tradicionais, materiais alternativos e materiais reciclados.
Accesibilidade para persoas con discapacidade.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Estratexias de promoción e difusión en proxectos de animación sociodeportiva	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Establece os principios para o plan de promoción e difusión das actividades incluídas nos proxectos de animación sociodeportiva, analizando os recursos dispoñibles e os obxectivos que se perseguen	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Resaltáronse os puntos fortes das actividades do proxecto
CA4.2 Identificáronse os elementos fundamentais dunha campaña de promoción e difusión
CA4.3 Establecéronse prazos para a promoción das actividades
CA4.4 Caracterizáronse os colectivos aos que se dirixe cada actividade
CA4.5 Xustificouse a importancia dos medios de comunicación na promoción e na difusión dos proxectos de animación sociodeportiva
CA4.6 Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración de materiais de promoción e difusión
CA4.7 Indicouse a partida económica dispoñible para promoción
CA4.8 Deseñáronse campañas de promoción e difusión de actividades recreativas e eventos físico-deportivos incluídos en proxectos de animación sociodeportiva, utilizando os recursos dispoñibles

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Márketing e publicidade.</p> <p>Técnicas de promoción e comunicación. Obxectivos da promoción.</p> <p>Uso de tecnoloxías da información e da comunicación na promoción e na difusión de proxectos de animación sociodeportiva.</p> <p>Accións promocionais. Control orzamentario.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Evaluación de proxectos de animación sociodeportiva	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Avalía proxectos de animación sociodeportiva, analizando os indicadores que permiten a obtención de datos durante as fases do proxecto	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Concretáronse as técnicas, os indicadores, os criterios e os instrumentos de avaliación de proxectos de animación sociodeportiva
CA5.2 Especificáronse os momentos nos que se aplican as técnicas de avaliación
CA5.3 Determináronse os procedementos xerais para a xestión da calidade nos proxectos deseñados
CA5.4 Xustificouse a necesidade da avaliación para optimizar o funcionamento dos programas, e para garantir a súa calidade e a súa viabilidade
CA5.5 Determinouse o valor dos indicadores que interveñen no proceso de avaliación
CA5.6 Empregáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración e a presentación de informes de avaliación e memorias

4.5.e) Contidos

Contidos
Avaliación de proxectos de animación sociodeportiva.
Técnicas, indicadores, criterios e instrumentos para a avaliación de proxectos de animación sociodeportiva.
Soportes informáticos no tratamento da información.
Xestión da calidade nos proxectos de animación sociodeportiva.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MINIMOS ESIXÍBEIS

Os mínimos esixíbeis para alcanzar a avaliación positiva na proba serán todos os criterios de avaliación establecidos no Decreto 625/2017, do 15 de xullo, e Orden EFP/301/2019, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en Enseñanza y Animación Sociodeportiva.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

PROBAS TEÓRICAS (50%)

Exámenes tipo test e/ou preguntas curtas.

As respostas erradas descontarán puntuación en proporción ó número de posibles respostas (previsiblemente 5 respostas, descontarán en relación 1:4)

As preguntas non contestadas non puntuarán negativamente.

Para a superación das probas as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Para facer media con outras probas escritas deberá acadar unha puntuación mínima de 4.

Esta proba ten carácter eliminatorio é dicir, haberá que superar cada un dos exames realizados para superar esta parte ou acadar un mínimo de 4.

A nota desta parte será a cualificación media dos exames de cada unidade didáctica. Previsiblemente haberá 5 probas escritas, polo que cada unha valerá un 20% da nota final do apartado.

TRABALLOS ESCRITOS (50%)

Traballos de carácter teórico-práctico sobre os diferentes contidos do curso.

A nota desta parte será unha media ponderada dos traballos que se realicen correspondendo, previsiblemente, catro traballos no primeiro trimestre (15% da nota cada un) e dous traballos no segundo trimestre (20% da nota cada un).

Para superar esta parte hai que superar cada un dos traballos ou acadar un mínimo de un 4 para poder facer media.

Para obter a cualificación final correspondente ó módulo profesional farase a media ponderada das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan algunha das partes, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Previsiblemente a cualificación final terá unha ponderación por trimestres de 60% para o primeiro trimestre (3 exames teóricos e 60% da nota dos traballos) e 40% para as actividades do segundo trimestre (2 exames teóricos e 40% da nota dos traballos)

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As partes suspensas recuperaranse cada unha delas por separado, teoría e práctica (elaboración dos traballos).

Avaliación suspensa: Se suspenderá no caso de non acadar algún dos mínimos esixibles. As probas de mínimos non superadas se repetirán unha vez no trimestre seguinte, agás no derradeiro trimestre que se repetirá dentro do mesmo. No caso de non recuperalas se fará unha última proba ao rematar a 2ª avaliación ou no mes de xuño, nas datas seleccionadas por xefatura de estudos para actividades de recuperación, despois da terceira avaliación.

As probas obxectivas se poderán repetir unha vez no trimestre seguinte, aproveitando a data de celebración da repetición de probas de mínimos.

Os traballos presenciais, unha vez corrixidos, avaliados e publicados polo profesor, non poden volver a entregarse.

Na recuperación dos traballos avaliados negativamente, a nota será una ponderación entre a do 1º traballo e o da recuperación, xa que nesta última os alumnos estarán máis guiados polo profesor, para que poidan acadar os obxectivos propostos:

- Primeiro traballo: entre un 30 e un 40%
- Recuperación: entre un 70 e un 60%

O alumnado co módulo pendente cursará o módulo igual que os seus compañeiros.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado con perda de avaliación continua:

Necesitará obter nota superior a 5 nunha proba obxectiva de todo o temario.

Deberá tamén realizar unha proba práctica sobre uns supostos (análise da realidade, redacción dun proxecto, ...) e obter unha avaliación favorable dos mesmos.

A súa valoración final cambiará a ponderación ó ser a proba práctica máis limitada, e será:

- Exame teórico: 60%
- Exame práctico: 40%

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os propios resultados trimestrais dos alumnos.
Realización dunha enquisa de seguimento da programación trimestral.
Realización dunha enquisa de valoración final.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Reunión inicial co grupo e realización dunha batería de preguntas referidas aos contidos do módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Traballo adicional e titorías en función das carencias que se detecten.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Fomentarse a colaboración mediante os traballos en grupo.
Fomentarse o respecto as opinións mediante realización de debates e discusións.
Esixirase limpeza e orde nos traballos.
Esixirase boa expresión e corrección de fallas de ortografía.
Fomentarse o respecto cara a á diversidade.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

En principio non está programada ningunha actividade extraescolar para os alumnos do módulo.